

Agustín Fernández Paz non precisa presentación. Cunha literatura orixinal, progresista, de preocupacións feministas, que tamén procura novos procedementos narrativos, é un dos escritores de maior éxito entre o público infantil. Agora, en MERLIN, ofrécenos *Rapazas* un novo título que vén afondar na súa constante preocupación polos problemas das mulleres –na nenez ou na adolescencia– desde unha óptica feminista.

"Interésame esa terra de ninguén que é a pre-adolescencia"

—**¿Abre Rapazas un novo rexistro na túa literatura?**


—Debo contestar si e non. Non, porque creo que neste libro hai moitos temas e muitas preocupacións que xa estaban noutros anteriores. E si, porque creo que hai en *Rapazas* temas e enfoques diferentes, que abordei agora por primeira vez. Por exemplo, escribir algúns relatos de xénero (de ciencia-ficción, de pantasmas) e dirixirme, deliberadamente, a uns lectores más cercanos á adolescencia que á infancia.

—**¿Cómo naceu Rapazas? ¿Hai nomes concretos detrás de cada protagonista?**

—No inverno do 91, eu estaba en Barcelona facendo un curso de postgrao sobre coeduación. O curso era de moiísimo interese, pero algunas seccións resultábanme soporíferas; así que eu aproveitaba o tempo divagando no meu cadero. E aí xurdíu a idea de facer un libro que se chamase *Rapazas*, formado por un conxunto de relatos que as tivesen de protagonistas. O borrador dun dos contos, *Un curso con Ana*, é dessa época. Ían ser seis contos, pero un deles acabou converténdose nunha novela autónoma, que é a que me acaban de premiar en Barcelona. O que me interesaba era entrar nesa especie de terra de ninguén que é a preadolescencia, cando se abandona a infancia para sempre. E non hai nomes concretos detrás das protagonistas.

—**Os teus libros teñen sempre protagonista femenino. Supón que é unha elección moi consciente, aínda que inusual nun escritor de sexo masculino.**

—Tamén hai personaxes masculinos nas miñas historias, aínda que é certo que abundan máis os femininos. Teño contado moitas



vezes unha anécdota que me deu ben que pensar. Hai xa ben anos, eu presteielle *A illa do tesouro* a unha das miñas alumnas. Cando ma volvے, pasados uns días, pregunteille a súa opinión. Díxome que a novela lle parecera excelente; pero, de seguido, engadiu: "nas novelas que me prestas os protagonistas sempre son homes

ou rapaces. ¿E que non hai historias que lle pasen ás mulleres?". Eu daquela aínda non escribía pensando en publicar, pero algo me quedou por dentro. E prometín que, se tiña a oportunidade, había axudar a que esa situación cambiase. Por outra banda, xa hai ben anos que simpatizo coas ideas feministas. Dalgún xeito, considérome un compañeiro de viaxe das mulleres que traballan por cambiar unha situación social inxusta e adversa. Supoño que é inevitable que esas vivencias acaben aflorando nos meus relatos.

—**Tí es un escritor con moi tos lectores detrás, ¿como vives a relación con esos lectores?**

—A relación cos rapaces e rapazas que len os meus libros é moi gratificante. Nos encontros que manteño con eles, nas cartas que me escriben, atopo unha sinceridade, para a louvanza e para a crítica, que non é habitual entre os adultos. A miña maior satisfacción sería poder provocar nos rapaces e rapazas, cos meus relatos, emocións coma as que eu teño experimentado con bastantes dos libros que lin.

—**En Rapazas hai unha preocupación moi consciente polos recursos narrativos, case unha preocupación didáctica. Cada relato ten un tratamento**

—Xaora que os valoro. Interésame moito a historia que conto, pero interésame tamén o xeito de contala. E iso pásame tamén como lector, sempre me atraeron as formas de relatar que exploraban vieiros non convencionais. Cando constrúo un relato, a elección do punto de vista e o artellamento da estrutura son esenciais para mim.

V. R.

Rapazas, de Agustín Fdez. Paz

SABELA ÁLVAREZ NUÑEZ

A palabra de Agustín Fernández Paz, convertida outra vez en libro, acaba de sorprendérmonos de novo moi gratamente. O seu libro *Rapazas*, publicado por Xerais na colección Merlin, recolle cinco historias protagonizadas por cinco rapazas que están entrando na adolescencia. O feito de seren cinco nenas as protagonistas fai que Agustín elixira como título conxunto para os cinco relatos o de *Rapazas*, característica que dá unidade ó libro. Hai tamén outro elemento común e portador da unidade: o marco escolar.

Se Agustín Fernández Paz rachara nas súas obras anteriores co sexismo e androcentrismo que a literatura para rapazas e rapaces veu trasmitindo –e ainda segue a transmitir– desde que esta existe como tal, agora apostá por unha literatura feita clara e conscientemente "a favor das nenas".

Centrarémonos só nun dos cinco relatos, o máis marcado, titulado "Un curso con Ana". Este conto aborda os grandes temas da coeducación denunciando cuestións como a do sexismo na lingua xe a través dunha alumna, Ana. Como bo coeducador que é, Agustín sabe que isto trae como consecuencia que nenas e nenos interiorizan a desvalorización e a negación do sexo feminino, fronte á sobrevaloración do sexo masculino. Denuncia tamén eses prexuízos sexistas segundo os cales as nenas estarian más dotadas para as humanidades e os nenos para a tecnoloxía e a ciencia porque sabe que isto é negarlle a uns e a outras a posibilidade de realizárense en calquera dos dous sentidos. Denuncia, a propósito das clases de Educación Física, como eles ocupan os espacios abertos –a pista de xogos e de deportes–, prolongación da súa

autonomía, e elas os espacios cerrados –o patio cuberto– facendo sempre o mesmo tipo de ximnasia rítmica, consecuencia dessa falta de independencia atribuída ás mulleres. Rompe Agustín co estereotipo de que as nenas sexan valoradas polo seu atavío, coquetería e beleza, pois sabe que isto significa reducillas á condición de obxectos sexuais e decorativos. Elas e eles teñen dereito a desenvolver tódalas súas cualidades e potencialidades corporais, psíquicas e intelectuais a través de xogos, exercicios físicos, deportes, así como todo o seu potencial afectivo. Reivindica Agustín desde unha perspectiva totalmente feminista, o dereito á diferencia e non á igualdade co asunto das eleccións escolares e todo isto visto desde as múltiples perspectivas queñ nos dan os compañeiros e compañeiras de Ana, ó falar cadaquén en primeira persoa de Ana, así coma dos cambios que esta vai producindo ó seu redor, que ás veces son entendidos e valorados e outras criticados.

Agustín sabe que escola, xogos, literatura e linguaxe son excelentes reforzos da realidade social androcéntrica. Por iso rompe moldes. El, como activo traballador do mundo da coeducación, sente a responsabilidade social de exercer unha acción contra a discriminación sexual, desde e na escola, desde e na literatura para axudar a destruír o ese modelo androcéntrico do sistema patriarcal que postula como molde do ser humano o modelo masculino.

Voces coma a de Agustín veñen a dicir que a literatura pode axudar a recoñecérmonos homes e mulleres diferentes pero en igual liberdade e disposición para inventármos novas maneiras de estar no mundo sen bloqueos nin agresións.